

## A propiedade na economía cubana

*Armando Nova González*

**N**os últimos cincuenta anos, a economía cubana alcanzou un alto grao de concentración da propiedade baixo as formas de propiedade estatal, posiblemente o de maior ou entre os de maior grao de estatización alcanzado dentro dos países socialistas europeos. Á vez, estableceuse unha identidade entre Propiedade Social e Propiedade Estatal, reducindo a unha mínima expresión outras formas de propiedade social e/ou identificándoas como de menor grao de socialización como as cooperativas, polo xeral ás existentes no Sector Agropecuario.

Para calquera modo de produción económico, o tema da propiedade resulta de vital importancia porque constitúe a base económica, sobre a que se erixe a superestructura da sociedade e determina as formas de distribución dos resultados e dos ingresos entre os produtores e a poboación en xeral.

A propiedade é un concepto material, tanxible, non etéreo; con bastante frecuencia é utilizada a expresión “*a propiedade social é de todos*”, isto encerra polo xeral un grao de concentración e indefinición que pode derivar en indiferenza, irracionalidade e falta de respecto no uso, utilización e conservación dos medios de produción, recursos naturais, e conducir a indisciplinas, que á vez afecten a orde económica e social.

Baixo esa forma elevada de concentración da propiedade, o Estado atafégase de tarefas sen grandes transcendencias, que non lle corresponden, distraendo a atención do mesmo das actividades fundamentais, así como conduce a unha confusión e mestura entre as tarefas propias, que deben corresponder ao Estado, e as que deben ser atribuídas á xestión empresarial.

A elevada concentración da propiedade en mans do Estado propicia a centralización excesiva, o desenvolvemento da burocracia, limita a iniciativa individual e a capacidade de decisión dos produtores.

Os propios fundadores do marxismo (Marx, Engels), de ningún xeito se pronunciaron en contra das formas de propiedade individual, senón da súa restauración baseada na cooperación e na propiedade colectiva da terra <sup>(1)</sup>. O que fai deducible, “... *que a clásica e impersoal propiedade estatal, que na súa época os fundadores observaron como un capitalista colectivo, non podía ser o banzo de desenvolvemento que relevaría a propiedade privada capitalista*” (Marcelo L. 2010)<sup>(2)</sup>.

É mester sinalar a recoñecida necesidade dun período de tránsito (do modo de produción capitalista ao modo de produción socialista), en correspondencia coa lei do cambio gradual das diversas formacións económico-sociais, onde poden e coexisten diversas formas de propiedade.

---

(1) MARX, Carlos: *El Capital*, Tomo I, páxina 700. Editorial Pueblo y Educación, A Habana, 1983

(2) MARCELO, Luis: *Repensando la economía socialista: El quinto tipo de propiedad*, Editorial Ciencias Sociales, páx. 20, 2010